



CPIA

SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO

A actividade turística é un pilar fundamental na estrutura económica do Concello e da cidade de Santiago, da que dependen un gran número de sectores e centos de postos de traballo.

A singularidade do noso patrimonio histórico e cultural, o simbolismo da nosa Catedral e as rutas xacobeas son os principais elementos arredor dos que xira o atractivo turístico de Compostela. Promover o seu coñecemento e difusión a través dunha planificación sistemática e ordenada, con previsión de futuro e orientada á excelencia, a internacionalización, a diversificación e á desestacionalización, na procura de aproveitar o potencial existente, debe ser unha tarefa prioritaria para as institucións do municipio, e singularmente para o Concello, que debe planificar e catalizar as forzas nesa dirección de fortalecer e impulsar o sector turístico.

O continuo incremento das cifras de visitantes que se veñen rexistrando nos últimos anos non poden facer que perdamos a perspectiva dunha necesaria planificación e da adopción de medidas integradas e conexas que garantan unha evolución sostida de cara ao futuro, tratando de orientar os fluxos e a tendencia do turismo na dirección que se considere máis axeitada para a cidade.

O pasado ano 2015 rematou a vixencia do Plan Estratéxico de Turismo 2010-2015 que nos últimos anos constituíu o referente da actuación nesta materia para o Concello de Santiago, sen que se dispoña aínda dun novo documento reitor para esta materia. Por mor disto, no preto de ano e medio do Goberno actual, descoñecemos as actuacións concretas que se teñen dado na promoción turística do Concello, os seus resultados e que estratexia está a orientar as accións actuais e as que se poidan desenvolver no futuro.

Estes son os motivos principais que levan ao Grupo Municipal Popular, de acordo co previsto no Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago, a solicitar a comparecencia no Pleno da concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, co obxecto de responder ás seguintes cuestións:

- Que obxectivos concretos se formula o Goberno para a acción turística no que resta de mandato?.
- Para cando vai dispoñer o Concello dun novo Plan Estratéxico plurianual para este sector co horizonte no Ano Santo 2021?
- No caso de dispoñer do documento do novo Plan Estratéxico no actual mandato, comprométese a sometelo ao estudo e consideración dos grupos da Corporación e axentes implicados antes da súa aprobación?



- Que accións se teñen acometido desde o Concello no actual mandato na procura de recuperar o peso do turismo nacional e incrementar a internacionalización e a diversificación?
- En concreto, que estudos e xestións se teñen feito desde o Concello, e con que resultados, para tratar de reforzar as liñas aéreas que operan en Lavacolla e para ampliar novas conexións?. En que se concreta a política aeroportuaria municipal nesta materia?
- Cantas xestións e con que resultados se teñen levado a cabo para a celebración de eventos e congresos a partir do vindeiro ano e no que resta de mandato?
- Que liñas de acción se teñen desenvolvido e se van desenvolver para tratar de ampliar o incremento das pernoitas e a estadia media das persoas que visitan a cidade?
- Cantas solicitudes se teñen presentado para autorizacións de licenzas de novos establecementos hostaleiros desde a moratoria acordada polo Goberno local?. Ten valorado as posibles repercusións que esta medida pode provocar para a aparición de prácticas especulativas no sector?. Que previsións manexa para a aprobación definitiva do Plan Especial que estableza as condicións para a concesión de novas licenzas nesta materia?
- Que medidas se adoptaron desde o Concello para potenciar a oferta conxunta dos concellos da "Área Santiago" e para ampliar o seu ámbito, coa incorporación polo menos os concellos de Teo, Brión e Ames?
- Cantas gravacións na cidade se teñen autorizado desde a Film Commision e que previsións se manexan de cara ao futuro?
- Que motivos xustifican a desaparición de eventos culturais asentados e de calidade como os festivais de Músicas Contemplativas e o Vía Stellae, cando ambos os dous ían celebrar a súa 11ª edición?

Santiago de Compostela, a 13 de outubro de 2016

Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.